

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 4 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fai público o acordo do tribunal que xulga o proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria convocado pola Resolución do 26 de decembro de 2022, relativo á baremación definitiva, a relación dos/das aspirantes seleccionados e pola que se inicia o prazo para a elección de destino.*

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 26 de decembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023), pola que se realizou a convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas categorías, entre elas na categoría de médico/a de familia de atención primaria, dispón que contra os resultados da baremación provisional os/as aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación, ante o propio tribunal, no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Á vista das reclamacións presentadas ou apreciado de oficio polo órgano de selección algún erro material na baremación provisional asignada aos/ás aspirantes, o tribunal efectuará as oportunas correccións e aprobará as puntuacións definitivas de méritos do concurso e a relación de aspirantes seleccionados/as, pola orde de puntuación acadada nas diferentes quendas de acceso, e elevará esta relación á autoridade convocante para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A base novena da resolución de convocatoria establece que, declarados os/as aspirantes seleccionados/as, se aprobará a relación, por institución sanitaria, das prazas que se oferten, para que manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

De conformidade co anteriormente exposto, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) o acordo do tribunal, relativo á puntuación definitiva do proceso selectivo para o ingreso na



categoría de médico/a de familia de atención primaria convocado pola Resolución do 26 de decembro de 2022.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Coa finalidade de dotar de transparencia o proceso, ao existiren aspirantes empatados, publicarase na páxina web o Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) a información que permitirá verificar a correcta aplicación do criterio de desempate establecido na base 8.1.6 da resolución de convocatoria do proceso.

Segundo. Publicar, como anexo I desta resolución, a relación dos/das aspirantes seleccionados/as neste proceso, segundo a orde de puntuación acadada nas diferentes quendas de acceso de conformidade co número de prazas convocadas.

Terceiro. Os/as aspirantes seleccionados/as que se relacionan no anexo desta resolución disporán do prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, para a presentación da seguinte documentación:

a) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non encontrarse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ter sido separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación.



Esta autorización deberá prestarse no modelo que para o efecto consta na páxina web do Servizo Galego de Saúde, na epígrafe relativa a emprego público [www.sergas.es/emprego público](http://www.sergas.es/emprego_publico).

d) Declaración xurada ou promesa de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría a que opta.

e) Os/as aspirantes seleccionados/as que accederon pola quenda de persoas con discapacidade deberán achegar neste prazo, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa do mantemento dos requisitos para acceder pola correspondente quenda, de non ter carácter definitivo a resolución pola que se lle recoñeceu a discapacidade, e que foi achegada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

De conformidade coa base 9.2 da Resolución do 26 de decembro de 2022, os/as que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participar no proceso selectivo, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Cuarto. Aprobar a relación de destinos que se ofertan aos/ás aspirantes seleccionados/as neste proceso, que figura como anexo II desta resolución.

Quinto. Abrir un prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao desta publicación, para que os/as aspirantes que constan no anexo I desta resolución seleccionen telematicamente, a través do sistema de información Fides/expedient-e, os destinos ofertados por orde de prelación.

A orde de puntuación acadada nas diferentes quendas de acceso, publicada no anexo I desta resolución, poderá ser alterada só para os efectos de elección de destino, de conformidade co artigo 9 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, no suposto de que a autoridade convocante considere a/as solicitude/s de alteración da orde por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas que, de ser o caso, realicen algún/s dos/das aspirantes que superasen o concurso de méritos pola quenda reservada a persoas con discapacidade. Para estes efectos, os/as aspirantes seleccionados/as que accederon pola quenda de persoas con discapacidade poderán solicitar á autoridade convocante, no prazo indicado neste ordinal quinto, a alteración da orde de prelación para a elección das prazas por motivos de dependencia



persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados.

No procedemento de selección de destinos resultarán de aplicación as bases aprobadas pola Resolución desta dirección do 28 de maio de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 109, do 5 de xuño).

Os/as aspirantes que, no prazo indicado e conforme o procedemento establecido, non seleccionen ningún destino ou non resulten adxudicatarios/as de ningún daqueles polos que optasen, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán sen efecto todas as súas actuacións neste proceso.

Sexto. A documentación requirida nesta resolución deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e deberá dirixirse á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

Sétimo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente, na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2023

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: kteczmu5-4xj7-gyn5-bh63-vcdd8j55bzo7





ANEXO I

Relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as

Núm. de orde	DNI	Apellidos e nome	Vía de acceso	Experiencia profesional	Formación, docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total	Sistema de desempate
								Días de servizos prestados mesma categoría Sergas
1	***0841**	Prieto Granja, Rosa María	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	10.154
2	***0600**	Freire Domínguez, María Purificación	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	9.027
3	***5174**	Teijeiro Vilar, María Ángeles	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	8.854
4	***1917**	Morillo Álvarez, Margarita	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	8.596
5	***3400**	Bravo Fernández, José Antonio	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	8.026
6	***3079**	Jardón Álvarez, María Teresa	DI	28,000	12,000	5,000	45,000	7.934
7	***4410**	Rivadulla Montaña, Josefa Ermitas	DI	28,000	12,000	5,000	45,000	7.808
8	***6394**	Fraga Díez, Mercedes	DI	28,000	12,000	5,000	45,000	7.275
9	***8900**	Da Costa Moure, Manuel Luis	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	7.018
10	***8127**	Álvarez Ameijeiras, María Antonia	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	6.399
11	***2607**	Álvarez Crucio, Ana María	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	6.033
12	***5233**	Yera Acosta, Ada Alberta	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	6.010
13	***4075**	Fernández Villaverde, Francisco Javier	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	5.987
14	***4486**	Belmonte Otero, Ángela	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	5.749
15	***2392**	Docampo Pérez, Natalia	LI	28,000	12,000	5,000	45,000	5.667
16	***6025**	Vargas Casaseca, Isabel	LI	27,825	12,000	5,000	44,825	
17	***3409**	Clemente Gascon, María José	DI	27,750	12,000	5,000	44,750	
18	***3329**	Martínez Puñal, María Dolores	LI	28,000	10,419	5,000	43,419	
19	***2793**	Puentes Ramos, Regina María	LI	28,000	9,880	5,000	42,880	
20	***4184**	Costas Lozoya, Jaime Alfonso	LI	28,000	9,615	5,000	42,615	
21	***3359**	González González, Marina	LI	28,000	9,400	5,000	42,400	





Núm. de orde	DNI	Apellidos e nome	Vía de acceso	Experiencia profesional	Formación, docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total	Sistema de desempate
								Días de servizos prestados mesma categoría Sergas
22	***3512**	Lueiro García, Francisco	LI	28,000	9,140	5,000	42,140	
23	***1737**	Pavón López, Manuel	LI	28,000	8,835	5,000	41,835	
24	***3338**	Amaro Prieto, María Elena	LI	28,000	8,783	5,000	41,783	
25	***4348**	Alcaina Ferreiro, Rosa	LI	24,570	12,000	5,000	41,570	
26	***4051**	Malvarez Caamaño, Juan Manuel	LI	28,000	8,450	5,000	41,450	8.180
27	***2809**	Iglesias Cardet, Manuel Antonio	LI	24,450	12,000	5,000	41,450	4.894
28	***3270**	Fernández González, Emilio José	LI	24,000	12,000	5,000	41,000	
29	***3246**	Baamonde García, María Pilar	LI	28,000	7,865	5,000	40,865	
30	***2874**	Leis Caruncho, Fernando	LI	23,850	12,000	5,000	40,850	
31	***0213**	Sánchez Alonso, Florentina Milagros	LI	28,000	7,535	5,000	40,535	
32	***5776**	Amigo Dobaño, María del Carmen	LI	23,360	12,000	5,000	40,360	
33	***9641**	Berdullas Silva, Mercedes	LI	23,300	12,000	5,000	40,300	
34	***6305**	Cigarrán Álvarez, José Ángel	LI	28,000	12,000	0,000	40,000	11.038
35	***7151**	Ramos Alija, Francisco Javier	LI	28,000	12,000	0,000	40,000	7.674
36	***8795**	Sampedro Martín, Fidel	LI	28,000	12,000	0,000	40,000	6.292
37	***9687**	Abu Komboz Abu Rahma, Ramzi	LI	28,000	12,000	0,000	40,000	5.712
38	***5621**	Vázquez Diéguez, José Jorge	LI	28,000	6,975	5,000	39,975	
39	***3288**	Rueda García, Jesús Javier	LI	27,525	12,000	0,000	39,525	
40	***5425**	Romero de Ávila Cabezón, Gabriel Ramón	LI	21,450	12,000	5,000	38,450	
41	***7857**	Toucedo Vicente, María del Carmen	LI	21,150	12,000	5,000	38,150	
42	***6710**	Tudela Navarro, Josep María	LI	25,650	12,000	0,000	37,650	

Acceso: DI: discapacidade xeral; LI: libre.

(\*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.



**ANEXO II**
**Prazas ofertadas**

Centro directivo	Centro	Quenda	Concello	Titoría docente	Núm. de prazas
A.S. da Coruña e Cee	Carballo PAC	-	Carballo	-	1
A.S. da Coruña e Cee	Fisterra	Mañá	Fisterra	-	1
A.S. da Coruña e Cee	O Castrillón	Tarde	A Coruña	-	1
A.S. da Coruña e Cee	Oleiros-Perillo	Tarde	Oleiros	-	1
A.S. da Coruña e Cee	Ponteceso PAC	-	Ponteceso	-	1
A.S. de Ferrol	Cedeira PAC	-	Cedeira	-	2
A.S. de Ferrol	Ferrol PAC	-	Ferrol	Si	1
A.S. de Ferrol	Fontenla Maristany	Tarde	Ferrol	-	4
A.S. de Ferrol	Fontenla Maristany	Desprazable	Ferrol	-	1
A.S. de Ferrol	Pontedeume	Desprazable	Pontedeume	-	1
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Foz	Tarde	Foz	-	1
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Monforte PAC	-	Monforte de Lemos	-	1
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Sarria	Mañá	Sarria	Si	1
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Viveiro PAC	-	Viveiro	-	1
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	O Barco PAC	-	O Barco de Valdeorras	-	1
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ourense PAC	-	Ourense	Si	1
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A Pobra de Trives PAC	-	A Pobra de Trives	-	2
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Verín PAC	-	Verín	-	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	A Estrada PAC	-	A Estrada	-	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Boiro	Tarde	Boiro	Si	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Boiro PAC	-	Boiro	-	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Lalín	Mañá	Lalín	-	2
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Melide	Mañá	Melide	-	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Mesía-Visantofía	Mañá	Mesía	-	1



Centro directivo	Centro	Quenda	Concello	Titoría docente	Núm. de prazas
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Muros PAC	-	Muros	-	2
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Rianxo PAC	-	Rianxo	-	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Ribeira PAC	-	Ribeira	-	1
A.S. de Vigo	A Cañiza PAC	-	A Cañiza	-	1
A.S. de Vigo	A Doblada	Tarde	Vigo	-	1
A.S. de Vigo	A Guarda PAC	-	A Guarda	-	1
A.S. de Vigo	Moaña	Tarde	Moaña	-	1
A.S. de Vigo	Ponteareas	Tarde	Ponteareas	-	1
A.S. de Vigo	Ponteareas PAC	-	Ponteareas	-	1
A.S. de Vigo	O Porriño	Tarde	O Porriño	-	1
A.S. de Vigo	Tomíño	Desprazable	Tomíño	-	1

